

Índice



Unidade 1

COMPRENDO UN CONTO. <i>A chegada de Laica</i>	4
GRAMÁTICA. A comunicación	6
ORTOGRAFÍA. Os sons K, Z e G. A diérese	8
VOCABULARIO. Os animais. O dicionario	10
SABER FACER. Cubrir un cuestionario	12
ACTIVIDADES DE REPASO	13

Unidade 2

COMPRENDO UN CONTO. <i>Pexegos e albaricoques</i>	14
GRAMÁTICA. A linguaxe e as linguas	16
ORTOGRAFÍA. Os sons R forte e R suave	18
VOCABULARIO. As plantas. Palabras sinónimas	20
SABER FACER. Inventar diálogos	22
ACTIVIDADES DE REPASO	23

Unidade 3

COMPRENDO UN CONTO. <i>Un domingo aburrido</i>	24
GRAMÁTICA. Os substantivos	26
ORTOGRAFÍA. Signos que pechan oracións	28
VOCABULARIO. A paisaxe. Palabras antónimas	30
SABER FACER. Elaborar un cuestionario	32
ACTIVIDADES DE REPASO	33



Unidade 4

COMPRENDO UN TEXTO INFORMATIVO. <i>Seda de araña</i>	34
GRAMÁTICA. Os pronomes persoais	36
ORTOGRAFÍA. Contraccións dos pronomes persoais	38
VOCABULARIO. As xoias. Palabras polisémicas	40
SABER FACER. Escribir diálogos en estilo directo	42
ACTIVIDADES DE REPASO	43

Unidade 5

COMPRENDO UN CONTO. <i>Limpeza rápida</i>	44
GRAMÁTICA. Os determinantes. O artigo	46
ORTOGRAFÍA. Escritura de contraccións.....	48
VOCABULARIO. A electricidade. Palabras homónimas	50
SABER FACER. Redactar unha entrevista	52
ACTIVIDADES DE REPASO	53

Obradoiro de literatura	54
--------------------------------------	----

A chegada de Laica

Laica chegou á casa con seis meses. Era a máis graciosa dos cinco cadelos de Bruna, a cadela pastora do avó, e medrara na montaña en compañía das ovellas. Agora que xa era grande, chegáralle o momento de cambiar de vida e vir á casa, á cidade.

Preparáramolo todo para que se atopase a gusto: un cesto, unha manta, un prato de plástico para a comida e outro para a auga, uns xoguetes e unha pelota. Tiñamos tantas ganas de que chegase!

Laica, non obstante, non devecía tanto por vir, e o avó case a tivo que baixar do coche á forza. Que grande se fixera!

A cadeliña estaba nerviosa. Emitindo uns xemidos que soaban coma o bear das ovellas, respondía ás nosas caricias golpeándonos nas pernas coa cabeza. Cando intentamos que entrara na casa, chantou as catro patas no chan e negouse a pasar da porta.

Achegámoslle a comida, para mirar de convencela, pero ela decidiu desprezala e poñerse a roer con entusiasmo o magnolio da entrada. Daquela comprendín o que pasaba e berrei:

–Pensa que é unha ovella, avó!

Por sorte, o estraño comportamento de Laica só durou uns días. Tan pronto como coñeceu os outros cans do barrio, descubriu que de ovella só tiña unha cousa: a pelaxe despeiteada!



1 Arrodea o debuxo que representa a Laica e responde as preguntas.



- Onde vivía Laica antes? _____
- Onde vive agora? _____
- Que prepararan na nova casa para recibir a Laica? _____

2 Marca. Que é un can pastor?

- ☐ Un can ao que non lle gusta vivir na casa.
- ☐ Un can que chega a ser moi grande.
- ☐ Un can que garda rabaños.
- ☐ Un can que se parece a unha ovella.



3 Une a oración co final correcto.

O avó case tivo
que sacar a Laica
do coche á forza...

porque a cadela non quería saír.

porque a cadela non sabía saír soa.

porque a cadela era moi grande.

4 Subliña. Que significa *chantar as catro patas no chan*?

- Tirarse no chan con moita forza.
- Axeonllarse.
- Non moverse, quedar quieto nun lugar.



5 Lembra e responde.

- Que cousas típicas dunha ovella facía Laica? _____

- Por que pensas que actuaba coma unha ovella? _____

- Cando cambiou de comportamento? _____

- Ao final, cal era a única cousa que Laica tiña en común cunha ovella? _____

A comunicación

LEMBRA

A **comunicación** é o proceso mediante o cal transmitimos e recibimos información.

A comunicación pode ser **verbal**, se utilizamos a **linguaxe**, ou **non verbal**, se empregamos os **xestos**, os **sinais visuais** ou os **sinais acústicos**.

Os elementos da comunicación son o **emisor**, o **receptor**, a **mensaxe**, o **código** e a **canle**.

1 Relaciona. Que se comunica en cada caso?

Un condutor avisa a un viandante dun perigo.

Un alumno quere chamar a mestra nun exame.

Avísase de que está prohibido bañarse no mar.




2 Indica a que imaxe anterior corresponde cada forma de comunicación.

☐ sinal acústico

☐ sinal visual

☐ xesto

3 Explica. Que información se transmite en cada caso?



A _____

B _____

C _____

D _____

- 4 Reflexiona e indica se a comunicación nas situacións da actividade anterior é verbal ou non verbal.

- 5 Elixe unha opción e explica por que é a máis axeitada. Despois, di se se trata dunha comunicación verbal ou non verbal.


- Nun concerto, queres chamar a atención dun amigo que te busca entre a xente.
- ☐ Berras o seu nome para ver se te oe.
- ☐ Levantas os brazos e fas xestos para que te vexa.



- 6 Relaciona cada elemento da comunicación coa súa definición.

- | | |
|------------|---|
| emisor ■ | ■ Persoa que recibe a información. |
| receptor ■ | ■ Información que se transmite. |
| mensaxe ■ | ■ Medio a través do cal se transmite a información. |
| código ■ | ■ Conxunto de signos utilizado para comunicarse. |
| canle ■ | ■ Persoa que transmite a información. |

- 7 Identifica os elementos da comunicación nesta situación.



- Emisor ► _____
- Receptor ► _____
- Mensaxe ► _____
- _____
- _____
- Código ► _____
- Canle ► _____

Os sons K, Z e G. A diérese

LEMBRA

- Para representar o son **K** de *can* escíbese **c** diante de **a, o, u** e **qu** diante de **e, i**.
- Para representar o son **Z** de *cea* escíbese **z** diante de **a, o, u** e **c** diante de **e, i**.
- Para representar o son **G** de *gato* escíbese **g** diante de **a, o, u** e **gu** diante de **e, i**.
- Ponse diérese (¨) enriba do **u** dos grupos **güe, güi** para indicar que o **u** se pronuncia.

1 Escribe o nome que corresponde a cada debuxo. Todos conteñen o son **K** ou o son **G**.



_____ guerreiro



2 Clasifica as palabras que escribiches na actividade anterior.

Conteñen o son K		Conteñen o son G	
Escríbense con c	Escríbense con qu	Escríbense con g	Escríbense con gu
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

3 Completa os ocos con c ou z, segundo corresponda.

Que boas e que sas!

Eu no almor___o sempre tomo algunha pe___a de froita.
Ademais, vin nun anun___io que a froita propor___iona
nutrientes e a___ucres moi importantes para o noso organismo.
A miña favorita é a ma___á. Iso si, teñen que ser ma___ás
de sabor do___e porque, se me dan unha que estea a___eda,
non podo con ela. E, por suposto, tampouco me podo resistir a un bo ___ume de laranxa!



4 Observa o código e completa con g/gu, c/qu e c/z.

son K

son Z

son G



- Sabes ___e a ___adela da miña ve___iña tivo ___in___o
___adelos ___uapísimos?
- ___ustavo ___omprou medio ___ilo de la___ostinos.
- ___illirme ___o ___iñou na ___a ___ola un ___iso de an___ías.
- A miña ___urmá Á___eda ten uns ___apatos a___uis.
- ___onzalo ___aeu nunha po___a e ___elia axudouno a er___erse.

5 Escribe os seus nomes. Fíxate en se as palabras teñen que levar ou non diérese.




6 Escribe unha oración coa segunda palabra da actividade anterior e outra coa terceira.

■ _____

■ _____

Os animais. O dicionario

1 Observa a imaxe e identifica co número correspondente o nome de cada animal.



- ☐ lobo
- ☐ porco
- ☐ cervo
- ☐ coello
- ☐ ovella
- ☐ paxaro
- ☐ can
- ☐ xabaril
- ☐ abella

2 Completa coa palabra axeitada.

enxame • manda • rabaño • bandada

■ Un grupo de ovellas forman
un _____




■ Un grupo de paxaros forman
unha _____



■ Un grupo de porcos forman
unha _____



■ Un grupo de abellas forman
un _____



3 Fíxate na escena da actividade 1 e di cantas crías hai de cada tipo.



cazapo



año



cervato



lobeto

■ A ovella ten _____

■ A coella ten _____


■ A cerva ten _____

■ A loba ten _____

4 Relaciona cada parella de animais co nome da súa cría.



cabalo e egua



porco e porca



boi e vaca



castrón e cabra

chibo

becerro

bacoriño

poldro

5 A partir das onomatopeas, indica o que fai cada animal.



▶ O cabalo rincha.



▶ A ovella _____



O lobo _____



A ra _____

6 Ordena as letras e descubrirás o que fan estoutros animais.



■ MAIAÑ ▶ _____



■ CXARECAA ▶ _____



■ PAÍ ▶ _____



■ RNOAE ▶ _____

7 Escribe os verbos anteriores na orde en que aparecen no dicionario.

■ _____

■ _____

■ _____

■ _____

8 Copia os nomes de crías das actividades 3 e 4 na orde en que os atoparías no dicionario.

1 _____

2 _____

3 _____

4 _____

5 _____

6 _____

7 _____

8 _____

- 1 Imaxina que tes que levar o teu animal de compañía a un centro veterinario e cubre o cuestionario. Se non tes animal de compañía, inventa os datos referidos a el.

Centro de animais Fauna

Atención veterinaria-Hotel de mascotas

Por favor, cubra o cuestionario con letra maiúscula (unha letra ou número en cada casa) e marque en cada caso a opción ou opcións correspondentes.

DATOS DA MASCOTA

Tipo de animal

Sexo: ☐ Femia ☐ Macho

Nome

Idade:

DATOS DO PROPIETARIO/A

Nome e apelidos

Enderezo

Localidade

Código postal

Teléfono

Correo electrónico:

CARACTERÍSTICAS DO ANIMAL

- Como é o animal?

☐ tranquilo ☐ medroso ☐ inquieto ☐ rebuldeiro ☐ outros

Se marca «outros», indique cales:

- Que atencións necesita?

☐ diagnóstico ☐ desparasitación ☐ limpeza ☐ aloxamento ☐ outros

Se marca «outros», indique cales:

- De que maneira conseguiu o animal?

☐ compra ☐ adopción ☐ regalo

HÁBITOS DO ANIMAL

- Que lle gusta facer ao seu animal?

- Que non lle gusta facer?

- Cal é o seu alimento favorito?

- Cal é o seu xoguete preferido?

1 Observa a imaxe e identifica os elementos da comunicación.



- Emisor ▶ _____
- Receptor ▶ _____
- Mensaxe ▶ *Tempo previsto para mañá segundo o Canal 4: tronadas e chuvascos no norte, sol en puntos do interior e sol con nubes no resto do territorio.*
- Código ▶ _____
- Canle ▶ _____

2 Observa o debuxo e escribe dúas palabras con cada grafía.



Esríbensse
con **g**

Esríbensse
con **gu**

Esríbensse
con **c**

Esríbensse
con **qu**

3 Completa coa grafía que corresponda en cada caso: **c, qu; c, z; g, gu, gü.**



- | | | | |
|----------------|---------------|----------------|---------------|
| ■ a____ordeón | ■ re____eifa | ■ ____a____o | ■ lin____eta |
| ■ parau____as | ■ pa____ete | ■ pira____ua | ■ a____ucre |
| ■ ____ilogramo | ■ ____i____el | ■ a____u____ar | ■ ____o____ar |